# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025530 | IES da Pobra do Caramiñal | A Pobra do Caramiñal | 2022/2023 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 26 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 27 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 27 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 27 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 29 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 30 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 31 |
| 7.2. Actividades complementarias | 32 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 33 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 36 |
| 9. Outros apartados | 36 |

## 1. Introdución

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

O novo currículo que a LOMLOE establece para esta materia modifica en parte o anterior, ao eliminar os contidos da parte inicial da Historia Moderna e sobre todo introduce un enfoque que prima os aspectos competenciais e transversais fronte a unha secuencia clásica baseada no cronolóxico e na separación entre contidos de Historia e Xeografía como ámbitos claramente diferenciados. Porén, como ano de transición, este curso 2022-23 require de contemplar unha adaptación gradual aos novos contidos. Para iso créase unha unidade inicial centrada na Historia dos séculos XV e XVII, co obxectivo de evitar esta carencia que se produciría na materia pois non foi un período que se tratase no curso anterior no nivel de 2º ESO LOMCE. Isto vai supor unha presión adicional sobre un temario xa de por si denso, algo a ter en conta no desenvolvemento das sesións e na súa programación.

O IES da Pobra sitúase nunha vila que combina o pasado medieval co legado das industrias do mar propias da chegada dos fomentadores cataláns. O seu presente como vila, inserida nun ámbito mariñeiro e rodeada de elementos propios do rural, facilitará achegar moitos dos contidos á contorna máis próxima, favorecendo a realización de análises e interpretacións da mesma en base ás ferramentas da Xeografía e a Historia. A contribución deste enfoque a moitos dos criterios de avaliación propostos no currículo será fundamental.

Modificación nas programacións didácticas de Xeografía e Historia do curso 2022-23.
Debido ás instrucións enviadas pola Consellería de Educación en relación ao calendario escolar 2022-23, coa Orde do 27 de decembro de 2022, que modifica a Orde do 20 de maio de 2022, existe un cambio significativo no período final do presente curso. Isto obriga a adaptar todas as programacións didácticas.
O fundamental deste cambio é a eliminación do período adicado no mes de xuño a actividades de recuperación ou ampliación e da proba extraordinaria que se realizaría ao alumnado que a precisase durante ese mesmo período.
A consecuencia disto desaparece o propio concepto de avaliación extraordinaria, posto que tampouco se retoma a de setembro, e as actividades lectivas ordinarias prolónganse ata o 21 de xuño, sendo comúns a todo o alumnado. Neste sentido, a terceira avaliación debe coincidir coa avaliación final.
En canto ás actividades e probas de recuperación, para aquel alumnado que as precise, pasarán a ser todas de carácter ordinario e polo tanto a desenvolverse durante o propio curso escolar e sempre antes da súa finalización o 21 de xuño. As recuperacións serán de dous tipos: parciais, realizadas por cada unha das avaliacións, e globais, probas que se realizarán en datas próximas á finalización do curso e que poden conter preguntas e tarefas correspondentes a toda a materia impartida. No caso da terceira avaliación, poderá existir unha recuperación parcial independente ou quedar xa inserida dentro da recuperación global, dependendo da existencia ou non doutras avaliacións anteriores suspensas e da dispoñibilidade de datas neste período final do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Trazos xerais da Idade Moderna e o Antigo Réxime. | Unidade de transición para recuperar uns contidos que non se viron en 2º ESO. Trátase de dar unha panorámica xeral das características dos séculos XVI e XVII que permitan ao alumnado comprender os cambios que suporá posteriormente a industrialización, a Ilustración e as revolucións de finais do século XVIII. Nas dúas primeiras unidades contémplase un número elevado de sesións pola súa densidade e por prever que o inicio de curso sempre implica un ritmo menor no aproveitamento das clases por todo tipo de circunstancias. | 10 | 12 | X | | |
| 2 | Arte europea do Renacemento e Barroco. | Unidade complementaria a anterior, que terá un enfoque máis práctico de cara a traballar o comentario de obras de arte e a produción de contidos orixinais mediante o uso de presentacións dixitais. | 10 | 12 | X | | |
| 3 | A crise do Antigo Réxime. Ilustración e revolucións atlánticas. | Unidade centrada no século XVIII e as súas transformacións como período final do Antigo Réxime. | 10 | 10 | X | | |
| 4 | A crise do Antigo Réxime en España e Galicia. | Analízase nesta unidade o período que comprende dende a chegada da dinastía Borbón até a guerra de Independencia. Inclúese unha referencia á arte de Goya como documento de moitos dos cambios fundamentais do período. | 10 | 9 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Transformacións económicas e sociais no inicio da contemporaneidade. | A unidade tratará as revolucións agrícolas e industrial e o nacemento dunha sociedade de clases. | 10 | 9 | | X | |
| 6 | Organización política das sociedades | Unidade dedicada a contidos propios da Xeografía política. | 10 | 9 | | X | |
| 7 | Análise do sistema económico. Relacións laborais, produción e consumo. | Unidade dedicada a contidos propios da Xeografía económica. Trátase dun achegamento a conceptos e ferramentas básicas desta disciplina para realizar unha análise de aspectos centrais dos sistemas económicos como o mundo do traballo, e o binomio produción-consumo. | 10 | 9 | | | X |
| 8 | Características da economía española e galega. A situación do rural. | Nesta unidade aplícanse os conceptos anteriores á análise dos contextos máis próximos e faise especial fincapé na situación e problemáticas do mundo rural. | 10 | 10 | | | X |
| 9 | Problemas e retos actuais dos sistemas económicos e a organización social. | Nesta unidade final poranse en xogo conceptos e procedementos vistos durante o curso para analizar os retos socioeconómicos e ambientais que enfrontan as sociedades do presente. Xustiza social, igualdade de xénero e sostibilidade ambiental serán aspectos centrais a ter en conta nas actividades propostas. | 10 | 10 | | | X |
| 10 | Unidade transversal: o mundo político e os seus mapas. | Os contidos desta unidade impartiranse durante todo o curso. O que se pretende é que exista no básico un dominio mínimo dos mapas políticos do mundo, non só a nivel memorístico, senón como ferramenta de coñecemento e instrumento práctico na realización de investigacións e elaboración de materiais orixinais. | 10 | 15 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Trazos xerais da Idade Moderna e o Antigo Réxime. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Emprega a materia para elaborar respostas persoais ante preguntas abertas. Comprende ben a pregunta, desenvolve as súas ideas, utiliza unha redacción correcta e aplica cando menos un elemento ou concepto estudado para a súa resposta. | PE | 90 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Identifica, cando menos de forma elemental. nas sociedades actuais a pegada dalgúns elementos do período estudado: aspectos culturais e/ou identitarios, problemáticas sociais, etc. | | |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Diferenza entre elementos de curta duración e coxunturais (feitos, persoas) e aqueles máis estruturais e de longo percorrido. É quen de realizar atribucións diferenciadas neste sentido en exercicios baseados nos pares causa-consecuencia, ou permanencia-cambio. | | |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | É quen de inserir nun eixo cronolóxico feitos e procesos de forma diferenciada en canto a súa duración. Comprende que un proceso componse de feitos e pode distinguir nunha listaxe cuestións sincrónicas e diacrónicas elementais e relacionadas co período estudado. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Comprende os feitos e procesos históricos estudados o suficiente como para establecer conexións de causalidade entre elementos do pasado ou co presente se conta cunha guía e valorar a diferente importancia dalgúns feitos e procesos fronte a outros á hora de elaborar as súas respostas. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | É quen de empregar os elementos históricos estudados para distinguir entre ámbitos culturais, tradicións ou sociedades diversas: católica e protestante, minorías relixiosas ou poboación xitana, pobos americanos. Asocia cada unha ao seu contexto e pode establecer relacións entre elas. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É quen de realizar unha presentación sobre un tema, para a que selecciona máis dunha fonte de información e elabora de modo orixinal algún contido. Se é dixital, utiliza imaxes acordes e coida as diapositivas no formal. Pode explicala na aula de forma oral, mesmo se precisa un esquema orientativo. | TI | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Detecta na materia estudada elementos que se vinculan coa desigualdade e a discriminación. Comprende o significado da discriminación para quen a sufriu e pode asociar aspectos históricos con outros do presente,  mesmo que sexa dun modo rudimentario. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Arte europea do Renacemento e Barroco. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | É quen de facer o anterior no contexto dun exercicio escrito, sexa con preguntas concretas ou un sinxelo comentario dunha obra de arte. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Pode relacionar cando menos un terzo das características dunha obra de arte e/ou estilo artístico co seu contexto histórico, en contraste co actual. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Pode identificar varias das características dos estilos artísticos estudados en obras da contorna próxima e sinalar a importancia de cada estilo para ese contexto máis inmediato (galego). | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Realiza o comentario escrito dunha obra, mantendo a súa estrutura, aínda que teña que ser mediante unha serie de preguntas guía. Inclúe os datos e referencias esenciais á materia e pode esbozar algunha idea a modo de conclusión, mesmo se ten dificultades neste apartado. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É quen de realizar unha presentación sobre un tema, para a que selecciona máis dunha fonte de información e elabora de modo orixinal algún contido. Se é dixital, utiliza imaxes acordes e coida as diapositivas no formal. Pode explicala na aula de forma oral, mesmo se precisa un esquema orientativo. | TI | 30 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Emprega a materia para elaborar a presentación dunha obra de arte. Comprende as características básicas do seu estilo e pode demostrar algunha delas a través da obra escollida. Localiza temporalmente o estilo artístico e pode comparalo con outras manifestacións anteriores e posteriores da arte. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | É quen de realizar unha presentación dixital completa que recolla os puntos básicos do comentario dunha obra de arte: identificación, autoría, estilo e características. Emprega imaxes ben relacionadas co contido do exercicio e mantén a corrección formal no deseño (tanto nas imaxes como nos textos). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos |

| **Contidos** |
|---|
| - histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
|---|---|---|
| 3 | A crise do Antigo Réxime. Ilustración e revolucións atlánticas. | 10 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Pode identificar características propias de sociedades do pasado e diferencialas doutras actuais, cando menos cando se presentan a un mesmo tempo en exercicios e tarefas que implican establecer comparacións ou asociacións. | PE | 80 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Emprega as características das sociedades e procesos históricos estudados para responder a preguntas variadas sobre a materia. Cando menos é quen de manexar as informacións esenciais en tarefas que impliquen distinguir entre curto/longo prazo e cambio/permanencia. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Coñece os principais feitos históricos estudados para o período e pode realizar a partires dalgúns deles unha mínima explicación en base ao par causa/consecuencia ou cando menos identificar causas e consecuencias dadas e asocialas cos feitos correspondentes. | | |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.</td><td>Pode comprender o papel da relixión e algunhas tradicións nas sociedades do pasado para elaborar respostas a preguntas sobre a materia. Polo menos entende o maior peso da Igrexa como institución e da visión relixiosa do mundo fronte ao presente.</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</td><td>Comprende e valora a importancia dos procesos históricos de ampliación de dereitos. É quen de concretar algún aspecto que exemplifique a situación de marxinación das mulleres nos períodos históricos estudados e o nome dalgunha figura relevante na denuncia desa discriminación-.</td><td rowspan="3">TI</td><td rowspan="3">20</td></tr>
<tr><td>CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.</td><td>Compara os dereitos nas sociedades do Antigo Réxime cos actuais para ser quen de comprender a importancia das transformacións que deron paso ao mundo contemporáneo neste sentido. Cando menos aplica isto á participación política.</td></tr>
<tr><td>CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.</td><td>Compara os dereitos nas sociedades do Antigo Réxime cos actuais para ser quen de comprender a importancia das transformacións que deron paso ao mundo contemporáneo neste sentido. Cando menos aplica isto á situación específica das mulleres.</td></tr>
</table>

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A crise do Antigo Réxime en España e Galicia. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Identifica nas sociedades actuais, cando menos de forma elemental,  a pegada dalgúns elementos do período estudado: aspectos culturais e/ou identitarios, problemáticas sociais, etc. Manexa o vocabulario histórico básico do tema. | PE | 80 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Discrimina entre elementos de curta duración e circunstanciais (feitos, persoas) e aqueles máis estruturais e de longo percorrido. É quen de realizar atribucións diferenciadas neste sentido en exercicios baseados nos pares causa-consecuencia, ou permanencia-cambio. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Comprende os feitos e procesos históricos estudados o suficiente como para establecer conexións entre elementos do pasado e do presente cando se lle facilitan previamente e valorar a diferente importancia dalgúns feitos e procesos fronte a outros á hora de elaborar as súas respostas. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Pode comprender o papel da relixión e algunhas tradicións nas sociedades do pasado para elaborar respostas a preguntas sobre a materia. É quen de recoñecer a pluralidade cultural, social e mesmo política na España do Antigo Réxime. Identifica algún trazo peculiar da situación galega nese contexto. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Emprega un formato narrativo, sexa oral ou escrito, con apoio audiovisual ou sen el, para comparar algunha práctica social actual coas do período estudado. Cando menos escolle un formato axeitado ás características do exercicio, selecciona información relevante e pode explicala na aula. | TI | 20 |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Compara os dereitos nas sociedades do Antigo Réxime cos actuais para ser quen de comprender a importancia das transformacións que deron paso ao mundo contemporáneo neste sentido. Cando menos aplica isto á participación política. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Compara os dereitos nas sociedades do Antigo Réxime cos actuais para ser quen de comprender a importancia das transformacións que deron paso ao mundo contemporáneo neste sentido. Cando menos aplica isto á situación específica das mulleres. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Transformacións económicas e sociais no inicio da contemporaneidade. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Emprega a materia para elaborar respostas persoais ante preguntas abertas. Comprende ben a pregunta, desenvolve as súas ideas, utiliza unha redacción correcta e aplica cando menos un elemento ou concepto estudado para a súa resposta. | PE | 75 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Diferenza entre elementos de curta duración e coxunturais (feitos, persoas) e aqueles máis estruturais e de longo percorrido. É quen de realizar atribucións diferenciadas neste sentido en exercicios baseados nos pares causa-consecuencia, ou permanencia-cambio. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Emprega nas súas explicacións e respostas as secuencias cronolóxicas e os conceptos de sincronía e diacronía de forma axeitada. Comprende, polo menos elementalmente, a sucesión de feitos e procesos estudados e que distintos lugares do mundo viven circunstancias diferentes e/ou ritmos diversos. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Diferenza feitos e cuestións propias do período estudado fronte ao presente. Pode establecer conexións entre elementos do pasado e elementos presentes cando se lle facilitan previamente. Valora a diferente importancia dalgúns feitos e procesos fronte a outros á hora de elaborar as súas respostas. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Emprega os mapas para localizar fenómenos asociados ás desigualdades e ás principais correntes migratorias do presente. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Sitúa nos mapas algún dos conflitos máis relevantes da actualidade. Comprende que hai conflitos entre estados e dentro dos estados, e que ambos tipos poden mesturarse. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Emprega os mapas políticos e temáticos na realización de tarefas e traballos. É quen de tirar algunha conclusión persoal a partires da información recollida neles. | TI | 15 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Emprega os mapas políticos e temáticos na realización de tarefas e traballos e pode seleccionar deles información relevante para o seu obxectivo, aínda que non sexa toda a que se podería tirar deste recurso. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. |

| **Contidos** |
| --- |
| - Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. |
| - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. |
| - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e impulso do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible. Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso metodoloxías variadas que impliquen un traballo activo e a capacidade de colaborar con compañeiras e compañeiros para crear coñecemento, analizar e discernir entre fontes de información, contrastar datos ou buscar conexións entre os elementos do temario e o contexto máis próximo. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados. En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.
Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a

comprensión dos contidos. Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto de Xeografía e Historia, editorial Baía. |
| Apuntamentos, textos, mapas e outros documentos facilitados en papel polo profesorado. |
| Aula virtual do IES A Pobra. |
| Presentacións elaboradas polo profesorado. |
| Aula de informática do centro. |
| Recursos de internet: vídeos, páxinas web oficiais e especializadas na materia, podcast, etc. |
| Libros e banda deseñada. |

As editoriais tiveron algúns problemas para sacar edicións actualizadas do currículo LOMLOE, por iso o libro de referencia que empregamos é aínda o do curso pasado, da edición de 2015. Os libros e bandas deseñadas empregados son os que están a disposición na biblioteca escolar do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase antes de que remate o mes de setembro e terá como ferramenta un cuestionario con preguntas variadas, tanto en formato como en contido. As preguntas incluirán cuestións estudadas na materia en cursos anteriores así como algunha que poida anticipar xa os contidos do curso actual e ser de coñecemento relativamente accesible. Tamén se engadirán mapas e a lectura e análise dun texto, co obxectivo de valorar non só o grao de coñecementos sobre os contidos da materia, senón o desenvolvemento con aspectos máis procedementais.

O resultado deste cuestionario, así como a observación na aula e a corrección das tarefas das primeiras semanas do curso conformarán os materiais que facilitarán a primeira avaliación do alumnado realizada xunto ao resto do equipo docente. A partires desta avaliación, e despois da primeira nota que se obteña por medio dun exame escrito para poder ter unha ferramenta máis de xuízo, procederase a iniciar os reforzos que sexan precisos a aquel alumnado con necesidades educativas especiais.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 90 | 70 | 80 | 80 | 75 | 75 | 75 | 70 | 60 | 85 |
| **Táboa de indicadores** | 10 | 30 | 20 | 20 | 25 | 25 | 25 | 30 | 40 | 15 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **100** |
| **Proba escrita** | **76** |
| **Táboa de indicadores** | **24** |

**Criterios de cualificación:**

Cada avaliación contará cunha nota que será conformada nun 90% polas unidades didácticas secuenciais correspondentes e noutro 10% pola porción da unidade transversal impartida. A nota final do curso será a media das tres avaliacións, polo que o resultado outorga a cada unidade ese 10% do valor total que se recolle na programación.

Os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- Probas escritas tipo exame, que pode recoller contidos e criterios de avaliación de máis de unha unidade didáctica.

- Táboa de indicadores relativa a exercicios e/ou traballos prácticos específicos.

- Anotacións de aula para o seguimento das tarefas cotiáns encargadas e revisión, opcional, do caderno do alumnado.

En cada avaliación debe realizarse cando menos unha proba escrita e recollerse tamén a avaliación correspondente aos outros dous instrumentos para conformar a nota final.

Cada unidade didáctica valorarase a través da porcentaxe correspondente aos seus criterios de avaliación, sendo posible que unha única proba escrita valore CA presentes en distintas unidades, como sucede tamén coa táboa de indicadores relativa a exercicios ou traballos prácticos.

As probas escritas de cada unidade conformarán un exame, que pode ser conxunto para varias unidades, con preguntas diversas en función dos contidos e criterios a avaliar, que se puntuará unha escala 0-10. As táboas de indicadores concretaranse en rúbricas específicas para cada tarefa que manteñan o seguinte esquema xenérico:

- 0% (non realiza a tarefa).
- 25% (realiza só unha parte menor da tarefa e/ou ten moitos erros graves).
- 50% (realiza a metade da tarefa e/ou ten moitos erros, pero non graves).
- 75% (completa a maior parte da tarefa e/ou ten erros puntuais e non graves).
- 100% (completa a tarefa correctamente).

Tanto as notas das probas escritas como as das táboas de indicadores ponderaranse en función do seu valor concreto dentro de cada unidade didáctica.

O aprobado implica obter nas medias finais unha nota igual ou superior a 5 puntos, pero existe a posibilidade de redondeo á alza a partires do 4,5 para o que se terá en conta o esforzo e realización das tarefas cotiáns a partires das anotacións de aula e revisión do caderno se fose precisa (terceiro instrumento de avaliación). A concreción desta

posibilidade é a seguinte:

- A persoa que realizou cando menos a metade das tarefas propostas poderá acceder ao redondeo a partires do 4,75 ou nota superior.
- A persoa que realizou cando menos o 75% das tarefas propostas poderá acceder ao redondeo a partires do 4,5 ou nota superior.

Isto repítese coa posibilidade de redondeo en toda a escala de 1 a 10.

Se a media das notas dun trimestre é igual ou superior a 5 ou cando menos acada o 4,5 e existe a posibilidade de redondeo á alza, non será necesario que a alumna ou alumno realice unha proba de recuperación. Terá de todos modos a oportunidade de recuperar, se o desexa, aquela unidade suspensa. Se na avaliación de inicios de xuño cumpre estas mesmas condicións tampouco realizará unha proba de recuperación final.

A nota de cada avaliación extráese da suma das porcentaxes de cada unidade didáctica impartida. A nota final do curso componse co mesmo procedemento, reaxustando as porcentaxes ao seu valor en relación ao 100% da nota final: cada unidade supón un 10%.

En caso de que por calquera razón non fose posible impartir todas as unidades didácticas ao remate do curso, a nota final recalcularíase en base a manter o criterio de que todas as unidades didácticas impartidas teñan entre si o mesmo valor en relación ao 100% da nota total.

No tocante á avaliación do alumnado participante en mobilidades de proxectos Erasmus +, adaptaremos o noso proceso ás actividades desenvolvidas nesa mobilidade. Aceptaremos como propias as cualificacións obtidas polo noso alumnado na súa estadía fóra, empregando estas xunto coas nosas (de ser o caso) para o cálculo da nota final do trimestre afectado. No caso de seren negativas, solicitaremos da entidade receptora, modelo de exame de recuperación para o noso alumnado, ou cando menos relación das actividades desenvolvidas durante a actividade.

**Criterios de recuperación:**

Tras a primeira e segunda avaliacións existirá a posibilidade de recuperar as unidades didácticas non aprobadas, para o que se elaborará un instrumento de recuperación específico que poderá conter unha proba escrita, tipo exame, e outra práctica. En todo caso buscarase que as probas teñan o formato máis claro e accesible para o alumnado, o que pode implicar que un criterio antes avaliado cunha táboa de indicadores pase agora a avaliarse cun exercicio escrito, sempre que se considere que isto favorece ás posibilidades de recuperación. Tanto a valoración das probas escritas como das táboas de indicadores, seguirán o modelo xa explicado. As probas de recuperación estarán adaptadas a cada alumna/o, incidindo sobre os contidos e criterios de avaliación non aprobados, entendendo as unidades didácticas como bloques compactos, independentemente do resultado concreto de cada instrumento de avaliación. Cada proba poderá conformarse polo tanto con contidos propios de cada unha das unidades non superadas. A nota obtida na proba corresponderá ao conxunto das porcentaxes das unidades avaliadas e sumarase ás porcentaxes das xa superadas para a confección da nota global do trimestre. [suprimido, ver modificación da programación na introdución -punto 1-] A proba final elaborarase segundo o mesmo esquema exposto para a primeira e segunda avaliacións. Recollerá contidos de todas as unidades didácticas non superadas ao longo do curso e sumarase logo ao resto de notas de cada unidade que xa fora superada para calcular a nota definitiva da materia. O aprobado final seguirá os mesmos criterios xa expostos no apartado de criterios de cualificación en canto ao redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste centro non está contemplada nos horarios dos profesores ningunha hora destinada a este fin. Por este motivo, para tratar de axudar ao alumnado a superar as materias pendentes, o profesorado deste departamento proporcionará materiais ¿exercicios e actividades de repaso- ao alumnado con materias pendentes, co gallo de guiar a preparación das mesmas. Estes materiais servirán de base para a avaliación nos correspondentes exames de pendentes.

Cada docente do departamento farase cargo do alumnado pendente do curso que teña impartido no ano anterior. Aquel alumnado que precise aclaracións sobre as tarefas propostas poderá acudir nos recreos a consultar as súas dúbidas co docente correspondente. Nas materias do departamento non temos establecido ningún criterio que supoña a superación dunha materia pendente dun curso inferior se se aproba a do curso superior: a forma de

organizar o currículo en Xeografía e Historia non permite unha avaliación progresiva entre cursos como si se fai en materias que si o son (como as linguas ou as matemáticas). Polo tanto, será necesaria a superación dos mínimos esixidos no nivel correspondente para a recuperación das pendentes do departamento.

Os instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán os exames que se aterán sempre a contidos e procedementos desenvolvidos nas aulas no seu día. O plan de traballo será coñecido polo alumnado por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no taboleiro xeral do centro, ademais de ser lembrados periodicamente polo profesorado. O alumnado debe ter en conta que pode acudir a preguntar ao profesorado as dúbidas que lle xurdan e que sería desexable unha revisión dos traballos para ter a certeza de que os exercicios están ben resoltos e non se acudirá ao exame a reiterar erros.

Axeitándose ao calendario de probas que fixe a Xefatura de Estudos, faranse dous parciais liberatorios (en xaneiro e abril) nos que se dividirá a materia e, no caso de non superar ambos o alumno iría a unha proba final de mínimos (en maio). Os exames versarán sobre as tarefas traballadas nos exercicios de repaso. No caso de superar algún dos parciais, podería ofrecerse a oportunidade de repetir o parcial suspenso na proba final.

As tarefas correspondentes a cadanseu parcial deberán ser entregadas polo alumnado no día e hora de cada exame ou no momento que o profesorado encargado da materia indique e estea recollido previamente no plan de traballo.

A nota de cada parcial formarase nun 90 % pola nota do exame e un 10 % correspondente ás tarefas entregadas.

Neste curso 2022-23 non existe alumnado de 3º ESO que teña pendente a materia de 2º ESO, pero si alumnado de 4º ESO coa materia de 3º ESO pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis: Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis. Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo. As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Empregaranse todas ou algunha delas en función da evolución do alumnado, das súas necesidades, a dinámica xeral do grupo ou as características de cada unidade didáctica.

Contémplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades

detectadas. O plan específico personalizado incluirá, cando menos: a) Identificación da alumna ou do alumno. b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso. c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan. f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias. g) Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual. | X | X | | | X | | X | X |
| ET.3 - Emprendemento, autonomía e traballo en equipo. | X | X | | | X | | X | X |
| ET.4 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Creatividade. | | X | | | | | | |
| ET.7 - Educación medioambiental e para o coidado da saúde. | | | | | X | | X | X |
| ET.8 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc. | | | X | X | | X | | |
| ET.9 - Resolución pacífica dos conflitos. | | | | | | X | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita. | X | X |
| ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual. | X | |
| ET.3 - Emprendemento, autonomía e traballo en equipo. | X | |
| ET.4 - Educación emocional e en valores. | X | X |
| ET.5 - Igualdade de xénero. | X | X |
| ET.6 - Creatividade. | X | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.7 - Educación medioambiental e para o coidado da saúde. | X | |
| ET.8 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc. | X | X |
| ET.9 - Resolución pacífica dos conflitos. | X | X |

**Observacións:**

O currículo da materia facilita múltiples ocasións para tratar os elementos transversais que teñen relación directa coas cuestións sociais, de xénero e ambientais. A utilización de traballos de grupo plasmados en presentacións dixitais ou outro tipo de formatos, permite pór en práctica cuestións como a autonomía e capacidade de colaboración, así como a competencia dixital. Tamén a utilización de tarefas variadas, xunto aos contidos nos que se trata directamente aspectos artísticos, fomentan a creatividade. A resolución pacífica de conflitos pode entenderse como unha práctica vivida na aula, pero neste curso tamén temos ocasión de abordala nun sentido máis teórico, dentro das unidades que tratan da organización política do mundo e os seus retos actuais.

Tanto as cuestións máis instrumentais, comprensión lectora e expresión escrita e oral, como a educación emocional e en valores e a cuestión de xénero, serán elementos presentes durante todas as unidades. O curso incorpora unha perspectiva global de xénero, intenta atender a situación emocional do alumnado na relación diaria que se establece na aula tanto entre alumnas e alumnos como entre alumnado e profesor, e procura traballar os aspectos máis instrumentais da comunicación, entendéndoos como a base para a comprensión e comunicación coa realidade que rodea a cada alumna e alumno.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| Ruta pola Pobra do Caramiñal | Saída breve pola contorna do centro para analizar a conformación da vila e o su patrimonio relativo a actividades económicas tradicionais, tanto as vencelladas ao mundo do mar como as agrarias. Análise dos cambios producidos co tempo e dos desequilibrios entre poboamento, actividades económicas e medio natural na actualidade. A realizar asociada á unidade 5 ou á 8. |
| Saída a Vigo | Saída dunha xornada completa para estudar a conformación da cidade industrial galega a partires dunha antiga vila mariñeira. Analizar similitudes e diferenzas coa Pobra, por exemplo no papel dos fomentadores cataláns. Comprobar a maior estratificación social que impón a presenza do ensanche nesa cidade. Valorar os equilibrios ambientais ante un cambio de escala no poboamento. A realizar tras a actividade anterior, sexa durante a unidade 5 ou a 8. |

**Observacións:**

A maiores das saídas programadas, o curso estará aberto a todo tipo de actividades que poidan ser de interese, tanto realizadas fóra do centro como no interior, por exemplo o convite a persoas expertas que poidan participar nalgunha sesión co alumnado.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Coñezo a composición da clase. |
| Teño en conta a diversidade para organizar a clase. |
| A miña programación ten en conta a diversidade. |
| Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa. |
| Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade. |
| Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo). |
| Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario. |
| Recollo na programación as competencias clave fundamentais. |
| Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto. |
| Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..). |
| O alumnado traballa de forma variada nas miñas clases. |
| Os exercicios que propoño son diversos. |
| As metodoloxías que propoño son diversas e inclúen o traballo en grupos o uso das TIC. |
| Aproveito as sesións para desenvolver os obxectivos recollidos na programación. |
| Antes de comenzar unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación. |
| Utilizo diferentes tipos de probas para a avaliación. |
| Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas. |
| Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos. |
| Na avaliación teño en conta diferentes competencias. |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. |
| Conseguiuse crear unhas boas condicións para a aprendizaxe. |
| Existiu relación coas familias do alumnado. |
| Atendeuse a diversidade e necesidades educativas especiais do alumnado. |
| Avaliáronse de forma diversa e completa todas as actividades, incluíndo ás de grupo. |
| As explicacións na aula son axeitadas e inclúen a atención á diversidade. |

| |
|---|
| As actividades e estratexias son variadas. |
| Poténciase a lectura e habilidades instrumentais de comprensión e expresión oral e escrita. |
| Incorpóranse as TIC na práctica docente. |
| Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade |
| A avaliación é parte do proceso de ensino e aprendizaxe, non só un elemento finalista. |
| Implícome nas actividades de orientación e titoría. |
| As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación son axeitadas. |
| Manteño o ritmo das sesións previsto na programación. Remato as unidades no tempo previsto sen ter que renunciar a contidos e actividades. |

**Descrición:**

Os indicadores de logro recollidos na listaxe anterior serán avaliados (auto-avaliados) mediante unha serie de táboas de indicadores que se corresponden cos seguintes epígrafes. Cada táboa contará coa súa escala de valoración. A maiores, un último indicador de logro refírese ao ritmo das clases e ao grao de cumprimento da programación nun sentido temporal.

ATENDEMOS A DIVERSIDADE

1 Qué fago para coñecer a composición da clase?
-Pasar unha proba a comenzo de curso
-Leo os informe anteriores
-Vexo os resultados da avaliación inicial
-Aportacións do Departamento de Orientación
-Reunións de grupo
2 Teño en conta a diversidade para organizar a clase
3 A miña programación ten en conta a diversidade
4 Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa
-En grupo grande
-En grupo pequeno
-De forma individual
5 Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade
6 Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)

AVALIAMOS A PROGRAMACIÓN

1 Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario
2 Recollo na programación as competencias clave fundamentais
3 Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto
4 Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..)

VALORAMOS AS ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

1 Os alumnos traballan da seguinte maneira nas miñas clases.
-De forma individual
-En grupos reducidos
-En grupos grandes
2 Os exercicios que propoño son do seguinte tipo
-Pechados, dirixidos,do libro,etc¿
-Abertos,procedimentais, diversos, proxectos¿
-Facilitan o traballo cooperativo

3 Na metodoloxía que aplico:
-Utilizo ferramentas TIC
-Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónomo
-Baséome nas explicacións teóricas e no libro
4 Como paso as horas lectivas (promedio)
-Conseguindo silencio (cubrindo partes, facendo chamadas de atención, etc..)
-Impartindo teoría e explicacións
-Fomentando a participación e respondendo preguntas
-Observando
-Corrixindo ós alumnos e alumnas de xeito individual

AVALIACIÓN

1 Antes de comenzar unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación
2 Utilizo diferentes tipos de probas
-Exames escritos
-Exames orais
-Traballo individual
-Traballo en equipo
3 Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas
-Non
-De maneira individual
-No departamento.
-Na clase
4 Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos
5 Na avaliación teño en conta diferentes competencias

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2 Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3 Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4 Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5 Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6 Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7 Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8 Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9 Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10 Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11 Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12 Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

1 Habitualmente, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2 Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3 Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
5 Combínase o traballo individual e en equipo.
6 Poténcianse estratexias de animación á lectura.
7 Poténcianse estratexias, tanto de expresión como de comprensión, oral e escrita.
8 Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino¿aprendizaxe.
9 Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade.
10 Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados dos traballos realizados.
11 Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos traballos.
12 Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus acertos e erros.
13 Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
14 As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos criterios de avaliación.
15 Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento. Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## 9. Outros apartados